



**Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a
Federación Galega de Piragüismo polo que se lle outorga a concesión do
complexo náutico e campo de regatas David Cal, en Verducido, Pontillón do
Castro, Pontevedra, a favor da Federación Galega de Piragüismo**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O subdirector xeral de Plans e Programas, da Secretaría Xeral para o Deporte,
DECLARA:

Que a Secretaría Xeral para o Deporte formalizou coa Federación Galega de Piragüismo o instrumento convencional arriba referido cunha vixencia de de cinco anos, prorrogables por períodos sucesivos de cinco anos, ata un máximo de 75 anos, segundo o disposto no artigo 40.4 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración deportiva entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Federación Galega de Piragüismo, co fin da realización por esta das actuacións, funcións e cometidos que, conforme á *Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia*, asume en réxime de exclusividade, segundo se indica no artigo 56 e concordantes da norma.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

Outorgarlle a concesión demanial do complexo náutico e campo de regatas David Cal en Verducido, Pontillón do Castro – Pontevedra.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a formalización dun contrato dos contemplados no Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de cumprir co preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional referido, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

